

Capítulo:	
Epígrafe	

Para cubrir no diario oficial de Galicia)

SUMARIO

**CORRECCIÓN DE ERROS.- Decreto 435/2003, do 27 de novembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en xestión do transporte.**

**TEXTO:**

(Escribir a dous espacios)

Advertidos erros, no Anexo do citado Decreto, publicado no DOG nº 246, do venres, 19 de decembro de 2003, cómpre efectua-las oportunas correccións:

- Na páx. 15.698 onde di: Contidos (duración 185 horas), debe dicir: Contidos (duración 210 horas)
- Nas páxinas 15.699 e 15.700, todo o apartado correspondente ós **“Contidos conceptuais” do módulo 1: “Xestión administrativa do transporte”**

*debe ser substituído polo que segue:*

**“ O sector do transporte:**

- Contorno e estrutura do sector.
- Indicadores macroeconómicos e microeconómicos do sector.
- Clases de transporte: viaxeiros e mercadorías.
- Actividades auxiliares: axencias, almacéns-distribuidores e transitarios.
- Actividades auxiliares no transporte de viaxeiros: axencias de viaxe, estacións, arrendamento de vehículos sen conductor.
- Organismos que regulan a actividade do transporte.
- Organizacións e federacións de empresas de transporte.

**Elementos de dereito mercantil:**

- O transportista como empresario mercantil.
- A sociedade mercantil e a suspensión de pagos e quebra.

**Lexislación reguladora da actividade no sector do transporte nas súas modalidades:**

- Marco legal do transporte terrestre en España:
  - A Lei de ordenación do transporte terrestre (LOTT).
  - Regulacións da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transporte.
  - Convenios e regulamentos do transporte por estrada e ferrocarril.
- Aspectos xurídicos internacionais do transporte multimodal:
  - O Convenio de Xenebra.
  - Coñecemento de embarque da FIATA.
  - Normativas e regulacións da Unión Europea.
- Principais leis e convencións que regulan o transporte aéreo.
  - Convenio de Varsovia, Protocolo da Haia no ámbito internacional. LNAE no español.
  - Organizacións que interveñen no transporte aéreo.
- Convenios e principais disposicións que regulan o tráfico marítimo
  - Regras de Hamburgo e A Haia, no ámbito internacional. LNME-CC no marítimo español.
  - Normativa internacional.

**Normativa fiscal aplicable ó inmovilizado no sector do transporte:**

- Normas de valoración do inmovilizado
- Normas para a amortización do inmovilizado das empresas de transporte.
- Normas sobre provisións para grandes reparacións no sector marítimo e aéreo.
- Efectos das normas fiscais sobre provisións e amortizacións no resultado da empresa.
- O IVE e o inmovilizado.
  - Concepto e réximes.
  - Tratamento do IVE na compravenda do inmovilizado.
- O "leasing" como forma de financiamento do inmovilizado.
- Tributos, peaxes ou cánones sobre a adquisición dos vehículos de transporte ou por utilización de determinadas instalacións.

**A contratación de servizos de transporte:**

- O contrato en xeral. Nocións básicas do contrato de compra-venda, arrendamento, comisión mercantil e depósito.
- O contrato de transporte: regulación legal.
- Perfección, formalización e a proba do contrato de transporte.
- Execución do contrato e a responsabilidade do transportista.
- Reclamacións. Xuntas arbitrais do transporte terrestre. Efectos do laudo arbitral.
- Tipoloxía e marco xurídico:
  - Transporte combinado e sucesivo.
  - Contrato CMR (transporte internacional de mercadorías por estrada).
  - Declaracións de porte (estrada estatal) CC.
  - Coñecemento de embarque marítimo internacional e nacional (Bill of

- Lading: BL).
- Coñecemento aéreo internacional e nacional.( Air Way Bill AWB).
- Carta de porte internacional (ferrocarril internacional), aplicando as regras CIM.
- Carta de porte nacional CC (ferrocarril estatal).
- A mediación no contrato de transporte e a colaboración entre transportistas e as súas limitacións.

### **O transporte de viaxeiros:**

- O contrato mercantil de transporte terrestre de viaxeiros e o contrato de transporte combinado.
- Reclamacións. Xuntas arbitrais. Efectos do laudo arbitral.

### **O seguro nos medios de transporte:**

- Noción elemental de seguro e elementos fundamentais.
- O contrato de seguro.  
Concepto. Elementos persoais. Documentos do contrato: tipos de póliza e outros documentos. Duración, prescripción e renovación. Obrigas das partes. A prima de seguro. Riscos asegurables e non asegurables. Indemnización.
- O seguro de responsabilidade civil, de transportes terrestres e o seguro obrigatorio de viaxeiros.
- Declaración de accidentes, atestado e probas.

### **Facturación de servicios de transporte: tarifas**

- Concepto e normativa aplicable.
- Sistemas de tarifación nas distintas modalidades de transporte: Modalidades e requisitos de facturación...
- Dereitos do transportista en caso de non pagamento.
- Descontos e bonificacións.
- IVE aplicable ós servicios de transporte.
- Tarifas de referencia.

### **O prezo no transporte de viaxeiros:**

- Transporte regular: Réxime legal de tarifas. Tarifa concesional. Descontos.
- Transporte discrecional: Facturación.

### **Xestión comercial e financeira:**

- A letra de cambio. O cheque. A obriga de pagamento. O crédito bancario. O desconto.
- Concepto e contido dos contratos de fianza, hipoteca, de leasing, de renting, de factoring, etc.
- O balance e a conta de perdas e ganancias.
- Os ratios financeiros e o presuposto: contido, tipos, características.

### **Análise de custos de explotación nas empresas de transporte: métodos e procedementos:**

- Métodos básicos.
- Introducción á contabilidade analítica.
  - Centros de custos en empresas de transporte.
  - Gastos de explotación segundo a natureza.
  - Custos fixos e variables.

- Custos directos e indirectos.
  - O método do custo directo.
  - Amortización técnica dos medios de transporte.
  - Análise dos resultados analíticos: aplicacións de xestión.
  - O imposto sobre a renda das persoas físicas: Concepto e aspectos a ter en conta.
  - O imposto sobre sociedade: Concepto e aspectos a ter en conta.”.
- Na páx. 15.706 onde di: Contidos (duración 200 horas), debe dicir: Contidos (duración 215 horas)
- Nas páxinas 15.707 e 15.708, todo o apartado correspondente ós “**Contidos conceptuais**” do módulo 4: “**Planificación e xestión da explotación do transporte terrestre**”:

*debe ser substituído polo que segue:*

### **Xeografía**

- Xeografía vial: infraestrutura, rutas e ámbito de aplicación.
- Xeografía ferroviaria: infraestrutura, rutas e ámbito de aplicación.

### **Regulamentación do transporte terrestre de mercadorías e viaxeiros**

- O exercicio da actividade de transportista.
  - Acceso ó mercado: transporte interior e internacional.
  - Autorizacións.
  - Outorgamento, visado e domiciliación das autorizacións.
- Transportes especializados.
  - Transporte de mercadorías perigosas: regulamentación, documentación, normas de conducción e circulación, sinalización dos vehículos, envase, carga e descarga, normas no caso de accidente ou avaría, e riscos e prevencións de materias perigosas.
  - Transporte de mercadorías perecedoiras: normativa aplicable, transporte de alimentos e tipos de vehículos.
  - Transporte de animais vivos: normativa aplicable, tipos de vehículos.
- O regulamento do transporte de viaxeiros.
  - Transporte discrecional de viaxeiros en autobús.
  - Transportes regulares permanentes, temporais e de uso especial.
  - Transporte discrecional.
- Documentos concernientes á realización do servizo de transporte.

### **Normativa de seguridade vial**

- O permiso de conducción: clases, características, vixencia...
- Análise e aplicación das normas aplicables en materia de circulación dos vehículos.
- Elementos que afectan á seguridade na conducción.
- Transporte escolar
- Responsabilidades.
- Prevención de accidentes.

- Formación e revisión periódica.
- O tacógrafo.
- Tempos de conducción e descanso.
- Infraccións e sancións.

### **Planificación do servizo de transporte terrestre**

- A demanda do servizo. Parámetros que interveñen.
- A planificación: fases e características. Planificación e dirección estratéxica.
- Características do transporte por estrada e ferrocarril. Relación medio/carga. Afectación das disponibilidades en función da demanda. Capacidade de transporte dos diferentes medios: normativa reguladora e dimensións e características dos medios.
- A loxística empresarial. Sistema loxístico e os fluxos de materiais e produtos. Necesidades de transporte: Métodos de cálculo. A determinación das rutas dos vehículos e tamaño das flotas.
- Métodos de planificación de rutas e itinerarios.
  - Elementos que interveñen.
  - A elección de itinerario.
  - Puntos de carga, paso e destino.
  - Restriccións de circulación.
  - O método PERT. O camiño crítico.
- Viaxeiros, mercadorías e cargas. Características en relación co servizo.
  - Métodos de carga e estiba: principios básicos, regras de carga, regras de estiba e casos especiais.
  - Manipulación da mercadoría.
  - Transporte de mercadorías que requiren precaucións especiais.
  - Limitacións segundo o código de circulación.
  - Infraccións e sancións.
- Métodos de planificación de prazas e cargas.
  - Regulamentación sobre a ocupación máxima de viaxeiros.
  - Óptimo aproveitamento de espazos nos medios.
  - Réxime de carga completa e carga fraccionada.
  - Análise dos puntos de carga/descarga.
- A documentación de tráfico.
  - Normativa reguladora.
  - Documentación relativa ó medio.
  - Documentación relativa á mercadoría.
  - Documentación relativa ó conductor: permisos e tarxetas.
  - Notas e instrucións técnicas.
- Lexislación vixente sobre pesos e dimensións.

### **Métodos de control das operacións de transporte terrestre de mercadorías e viaxeiros**

- Control de operacións por estrada.
  - A inspección: funcións, réxime de actuación e ámbito de aplicación.
  - Distintivos dos vehículos
  - Réxime sancionador: infraccións, tarifación, prescripción das sancións e procedemento sancionador.
- Control das operacións por ferrocarril: inspección e réxime sancionador.

- Informes de control.
  - Estructura e compoñentes do informe.
  - Tipos.
- Normativa aplicable.

### **Os medios e equipos de transporte terrestre de mercadorías e viaxeiros**

- Os vehículos.
    - Tipoloxía.
    - Esquemas e diagramas funcionais.
    - Parámetros que definen a capacidade dos diversos medios.
    - Características técnicas en relación co servizo.
    - Requisitos para a obtención de autorizacións especiais.
  - Parámetros que definen a dispoñibilidade do servizo.
    - Taxas de avarías.
    - Tempo medio entre fallos.
    - Vida útil do medio.
  - Inspección e control do estado dos medios.
    - A ITV
    - Informes de mantemento.
    - Control de mantemento.
    - Regras elementais a ter en conta na elaboración de plans de mantemento.
  - Límites de contaminación
  - Protección física da mercadoría:
    - Envases e embalaxes: finalidade e criterios a ter en conta para a súa clasificación e selección.
    - Procedementos e consignas para a carga e estiba de mercadorías.
  - O transporte intermodal: concepto, tipos e características dos contedores e palés. Normativa a ter en conta.
  - Instalación e equipos auxiliares ó transporte.
  - A instalación de equipos de seguridade.
  - Novas tecnoloxías aplicadas á manipulación das mercadorías.
- Na páx. 15.709 onde di: Contidos (duración 130 horas), debe dicir: Contidos (duración 105 horas)
- Na páx. 15.712 onde di: Contidos (duración 200 horas), debe dicir: Contidos (duración 185 horas)

- Nas páxinas. 15.725 e 15.726, no apartado 4.5. Distribución horaria,
  - Onde di: 185 horas para o módulo Xestión administrativa do transporte, debe dicir 210 horas.
  - Onde di: 130 horas para o módulo de Almacenaxe de productos, debe dicir 105 horas.
  - Onde di: 200 horas para o módulo de Planificación e xestión da explotación do transporte terrestre, debe dicir: 215 horas.
  - Onde di: 200 horas para o módulo de Comercialización do servico de transporte, debe dicir: 185 horas.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2004

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Néstor Valcárcel Teijeiro

Insírase no Diario Oficial de Galicia.